



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 655



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE FINANCEIRA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A PARA A INSTRUMENTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA ÁS FAMILIAS A TRAVÉS DA TARXETA BENVIDA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social formaliza con Abanca Corporación Bancaria S.A o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 30/12/2016 ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre as partes para a instrumentación da axuda económica para as familias que no ano 2017 teñan, tanto por natureza como por adopción, un fillo ou unha filla ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena menor dun ano. A instrumentación da axuda económica, na que colaborará a entidade financeira asinante do convenio, farase efectiva a través da entrega ás familias da denominada Tarxeta benvida, unha tarxeta prepago que se cargará cunha contía de 100 € ao mes durante o primeiro ano de vida no suposto de nacemento dun fillo ou filla. Nos casos de adopción ou situación de garda con fins adoptivos o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes no que se emite a resolución administrativa ou xudicial e ata que no neno ou nena cumpra un ano.

Esta tarxeta só poderá ser utilizada en farmacia, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social impulsa o Programa de Apoio á Natalidade (PAN) no que se recolle, entre outras actuacións, o establecemento dunha axuda económica ás familias durante o primeiro ano de vida das súas fillas e fillos e coa que se pretende contribuír a sufragar os gastos derivados da súa crianza. Neste sentido, é preciso un instrumento que dea soporte a esta axuda e considérase que o medio máis idóneo para facela efectiva é a través da denominada Tarxeta benvida, en cuxa xestión colaborará a entidade financeira Abanca Corporación Bancaria S.A, de conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e para o fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

